



TRÁMITE DE CONSULTAS PARA A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA

Nome do plan: Plan básico autonómico
Promotor: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Expediente: 2017AAE2075
Código web: 1975/2017

O día 11/07/2017 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático a documentación completa do *Plan básico autonómico* para iniciar a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, segundo esixe o artigo 50.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Unha vez avaliada a documentación presentada e considerando que:

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 46.1.a) da dita Lei 2/2016 sinala que o Plan básico autonómico debe someterse ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica.
- 3 O artigo 50.2 da Lei 2/2016 establece que o órgano ambiental, no prazo de tres meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, tras identificar e consultar as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses.
- 4 Esta Dirección Xeral decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadá, ao abeiro do artigo 83.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O apartado 4 do mesmo artigo 83 faculta ás administracións para establecer outras formas, medios e canles de participación dos cidadáns no procedemento no que se ditan os actos administrativos.
- 5 O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita secretaría pasa a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública na sede electrónica deste órgano ambiental por un **prazo de dous meses** o documento inicial estratéxico e o borrador do **Plan básico autonómico**, con carácter previo á elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.

Para **visualizar a cartografía** contida no Plan Básico Autonómico está dispoñible un visor GIS de acceso público na seguinte URL: <https://xuntasix.maps.arcgis.com/apps/webappviewer/index.html?id=1ff1dbfd7b4741bfb5b241f0d2935261>

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do [formulario informático](http://cmaot.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto) habilitado na sede electrónica deste órgano ambiental (<http://cmaot.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do [correo electrónico](mailto:avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal): avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal
- Mediante [fax](#) remitido ao número 981 541 048.



- Mediante escrito presentado no registro administrativo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O documento de alcance do estudo ambiental estratéxico que se elabore tras o período de consultas farase público na sede electrónica (<http://cmaot.xunta.gal/medio-ambiente-e-sostibilidade>) da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio .

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2017